



FESTA DA PATACA XLI

CONCELLO DE CORISTANCO
SETEMBRO 2023



Índice de contenidos

1

Introducción

2

Festa declarada de Interese Turístico de Galicia

3

41º Edición

4

Mapas e localizacións



Introdución



Coristanco é un concello vencellado as labores agrícolas e de, forma salientábel, ao cultivo da pataca. Este fito é consecuencia da marabillosa conxunción de elementos, rara vez coincidentes noutro lugar, como son o solo e o subsolo que gardan e atesouran a materia prima á que lle debe o seu recoñecemento como **“Vexel de Bergantiños”**.

Neste concello ten lugar un dos eventos gastronómicos máis antigos de Galicia. Estamos a referirnos á Festa da Pataca de Coristanco, unha manifestación cultural e social que pretende enaltecer a “*Solanum tuberosum*” que aquí nestas terras se produce grazas a dedicación e ao traballo de agricultores e produtores.

Con máis de catro décadas de exaltación, a Festa da Pataca constitúe un reclamo non só para o entorno máis achegado da comarca, senón que supón unha visita obrigada para todo aquel que queira desfrutar dunha das festas máis consolidadas e representativas da zona, que enaltece o froito da labor de agricultores e produtores locais e xera unha experiencia única para todos aqueles que deciden visitar Coristanco cada setembro. Porén este evento supón un reclamo de atracción turística ligado a unha oferta cultural e paisaxística que promove un bo produto gastronómico: a Pataca de Coristanco.



Festa de Interese Turístico de Galicia

Dende 1980 o Concello de Coristanco organiza a Festa da Pataca, unha festa gastronómica de exaltación a este tubérculo na que se pretende non só homenaxear aos produtores de patacas senón a toda unha labor no campo que ano a a no ve minguido o seu sector.

Esta festividade ten a súa orixe na necesidade de dar a coñecer a calidade dun produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un dos seus mellores lugares de cultivo. A conxunción da climatoloxía húmida e temperada desta parte occidental de Galicia coas condicións dos seus solos resultan ser ingredientes estrelas para a súa produción. A Pataca de Coristanco ofrece unha lectura alternativa da xeografía e da historia desta terra, e cada setembro este evento ofrece a posibilidade de gozar da tradición e das especificacións culinarias vencelladas ao territorio.

A Festa da Pataca dispuxo dende o seu comezo dunha estrutura semellante ó longo das súas edicións. Boa parte da actividade vai dirixida á xente do campo que se converte na principal protagonista.

Deste xeito, cada terceiro domingo do mes de setembro supón unha data plenamente consolidada no calendario festivo da comarca.



41^º EDICIÓN PROGRAMACIÓN



**VENRES
15 DE SETEMBRO**

SARDIÑADA TRADICIONAL



21:00H

SARDIÑADA CON DEGUSTACIÓN DE
CACHELOS E PAN DE CORISTANCO
Praza do Concello



22:00H

ACTUACIÓN MUSICAL
**OS FESTICULTURES, "O MILLOR
PARA SANAR AS AMARGURAS"**

Praza do Concello



41^º EDICIÓN PROGRAMACIÓN

**SÁBADO
16 DE SETEMBRO**

Promoción cultural e Gastronomía



12H

Apertura de Espazos Culturais
Parque Municipal



12H

Cata e Maridaxe
Praza do Concello



13H

OBRADOIRO: ELABORACIÓN DE VERMÚS
Praza do Concello



13H

OBRADOIRO: ACEITES
Praza do Concello



13H

Degustación de Produto Local. Cachelos.
Patacas Bonilla
Praza do Concello



14H

ACTUACIÓN MUSICAL
Quinkillada - Gozar, sentir, bailar
Praza do Concello



17H

OBRADOIRO. CHAPAS ARTESANAIS
Praza do Concello



18H

OBRADOIRO. REPOSTERÍA INFANTIL
Praza do Concello



18H

ACTUACIÓN. TEATRO NA RÚA.
RAQUEL QUEIZÁS
Praza do Concello



19H

ACTUACIÓN MUSICAL. MEKANIKA ROLLING BAND
Praza do Concello



19H

ACTUACIÓN MUSICAL. CONCERTO CORAIS
Edificio de Servizos Múltiples



19H

CONCURSO. A PATACA QUENTE
Praza do Concello

41ª EDICIÓN PROGRAMACIÓN

**SÁBADO
16 DE SETEMBRO**

Promoción cultural e Gastronomía



20H

OBRADOIRO TERNEIRA GALEGA (CHEF)
Praza do Concello



21H

Degustación de Produto Local. Cachelos.
Patacas Bonilla
Praza do Concello



21.30H

CONCURSO ELABORACIÓN DE TORTILLAS
Praza do Concello



22.30H

ACTUACIÓN MUSICAL.
A Banda da Loba. Xabón Lagarta
Praza do Concello

**DOMINGO
17 DE SETEMBRO**

XLI FESTA DA PATACA



10.30H

CONCENTRACIÓN TRACTORES ENGALANADOS
Rúa da Pataca



11H

Apertura Stands para venda de produto local
Avenida de Erbecedo



11H

MÚSICA. **KILOMBEROS DE MONTEALTO**
Praza do Concello



11.30H

DESFILE TRACTORES ENGALANADOS
Praza do Concello



13H

PREGÓN. LUIS GARCÍA FERNÁNDEZ. DIRECTOR
CENTRO DE PROMOCIÓN RURAL.
Parque Municipal



13.15H

ENTREGA GALARDÓNS E PREMIOS
Parque Municipal



14H

ACTUACIÓN MUSICAL..
Pelepau
Praza do Concello

41ª EDICIÓN PROGRAMACIÓN

**DOMINGO
17 DE SETEMBRO**

XLI FESTA DA PATACA



14H

DEGUSTACIÓN PRODUCTO LOCAL
Praza do Concello



17.30H

XOGOS TRADICIONAIS E POPULARES
Parque Municipal



18H

XOGOS INFANTÍS DE TEMÁTICA AGRARIA
Praza do Concello



19H

XINCANA DE TRACTORES. CONCURSO DE
HABILIDADES DE CONDUCCIÓN.
Parque Municipal



**ACTIVIDADES
DEPORTIVAS**



GASTRONOMÍA



**PROMOCIÓN
AGRICULTURA**



MÚSICA



**ACTIVIDADES
INFANTÍS**



**ACTIVIDADES
ADULTOS**

LOCALIZACIÓNS e ÁREAS DIFERENCIADAS

1

ÁREA
GASTRONÓMICA

Localización para gozar e coñecer a fondo o produto: aspectos organolépticos, historia, variedades, procesos de elaboración, propiedades nutritivas, usos culinarios... e deleitarse coa cata guiada polos nosos expertos .

2

ÁREA
ARTESANÍA
ALIMENTARIA

Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesan galego, ademais dunha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese.

3

ÁREA
PRODUTORES

Espazo no que se poñerá en valor a pequenos produtores da zona, artesanás e produtos ecolóxicos.

4

ÁREA
CULTURAL

A cultura como creadora de identidade, como xeradora de inclusión social, como aglutinadora e catalizadora de diversidade e como xeradora de especificidades locais

5

ÁREA
INFORMACIÓN

Área onde poder atopar todo o visitante precise para gozar da nosa gastronomía e información sobre as diferentes opcións de lecer, dos espazos artísticos, espazos naturais...